



CONCELLO DE RIVEIRA

SERVIZO DE BONO BUS PARA ESTUDANTES, CURSO 2017-2018

REQUISITOS:

- Estar empadroad/a en Riveira
- Cursar ensinanza oficial regrada que non se poida estudar en Riveira.

DESTINOS:

- Santiago, A Coruña, Ferrol, Ourense, Lugo, Vigo e Pontevedra.

Cadro de destinos, viaxes por bono e % de desconto:

COMPAÑÍA DE TRANSPORTE	DESTINO	Nº DE VIAXES POR BONO	% DESCONTO PARA O/A USUARIO/A
ARRIVA NOROESTE	Riveira – Santiago Santiago – Riveira	20 viaxes	45% de desconto
		30 viaxes	60% de desconto
		60 viaxes	75% de desconto
FREIRE SL	Santiago – Lugo Lugo – Santiago	20 viaxes	50% de desconto
MONBUS (Castromil SA)	Santiago – A Coruña A Coruña – Santiago	20 viaxes	50% de desconto
	Santiago – Ferrol Ferrol – Santiago	20 viaxes	50% de desconto
	Santiago – Ourense Ourense – Santiago	20 viaxes	50% de desconto
	Riveira – Pontevedra Pontevedra – Riveira	20 viaxes	50% de desconto
	Riveira – Vigo Vigo – Riveira	20 viaxes	50% de desconto

BONO BUS:

- Os talonarios de viaxes (bono bus) retiraranse nas respectivas empresas previa presentación da autorización expedida polo concello.

PARA SOLICITAR O BONO BUS

REQUISITOS:

- Estar empadroado/a en Riveira
- Cursar ensinanza oficial regrada que non se poida estudar en Riveira.

DESTINOS:

- Santiago, A Coruña, Ferrol, Ourense, Lugo, Vigo e Pontevedra.

SOLICITUDE:

A solicitude cubrirase no impreso SOLICITUDE_bonobus que está ao seu dispor nesta páxina <http://www.riveira.es/o-concello/tramites-en-lina/>. O impreso estará tamén ao dispor na Oficina de Atención ao Cidadán (OAC) do Concello de Riveira.

Co impreso deberá achegar:

- Copia do DNI
- Copia da matrícula do curso 2017-2018

PRESENTACIÓN:

Presentará a solicitude coa documentación complementaria na Oficina de Atención ao Cidadán (OAC) do Concello de Riveira ou por vía electrónica <https://ventanilla.riveira.es/>

AUTORIZACIÓN:

A autorización, que deberá presentar nas compañía de transporte para retirar o seu bono bus, enviaráselle ao correo electrónico que vostede indique na antedita solicitude.

A autorización é válida só para o número de viaxes que solicita, cada renovación do bono bus precisa unha nova autorización do Concello que vostede deberá solicitar.

O bono bus é só válido para o curso 2017-2018.

(Aprobado na Xunta de Goberno Local do día 07/09/2017)